

O PEQUENO DELITO

Espero que non me despidan por iso. So foi un pequeno despiste. Unha das cousas que pensas que non fai dano a ninguén, pero despois todo se volve contra ti e xa non hai volta atrás. A verdade é que nunca me dixeran que non se podía facer. Agora que o penso, si que é lóxico que non se poida facer, pero sigo nas mesmas, é unha faltiña de nada. Nada polo que me teñan que despedir. Eu só fixen unha fotocopia. Que mal pode facer unha fotocopia? Ningún. Se roubase algo da oficina ou rompese calquera cousa, entenderíao. Pero só fixen unha fotocopia. Aínda que a fotocopia fose do meu can por debaixo. O can non paraba de moverse, e ó final só lle sae o corpo por debaixo. É un pouco raro, aínda vai ter razón o meu xefe, e é delito e todo.

Noelia Cabaleiro Rodríguez 3ºC